



Concello de Lugo

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL
Ref: Xuventude
Asunto: Bases Concurso DJ

RECTIFICACIÓN DAS BASES DO CERTAME DE DJS AMATEURS DA CASA DA XUVENTUDE

OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a realización dun certame de Dj's amateurs, entendendo por amateur unha persoa que practica por pracer unha actividade, sen recibir habitualmente diñeiro a cambio. O concurso terá lugar na Casa da Xuventude e será unha cita que funcione como benvida á primavera na que se divulgue a cultura da música electrónica; recoñecendo o talento das novas xeracións de Dj's dentro da escena local, ao tempo que se valora que empreguen a música como medio para motivar e desenvolver a súa creatividade.

CARACTERÍSTICAS

O certame terá lugar o 13 de marzo de 2020, en horario entre as 16:30 horas e 21:30 horas. Consiste na presentación de cada unha e un dos Dj's amateurs e a súa actuación correspondente na Casa da Xuventude. O número máximo de Dj's será de 15. De superarse o número elixiríanse por orde de inscrición. Cada persoa inscrita realizará unha sesión dun cuarto de hora, na cal debe amosar o seu estilo, técnica e valía. A organización valorará, en función de se o número de persoas inscritas é menor, o tempo de duración da sesión.

REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poden presentarse a este certame mozos e mozas de 14 a 35 anos, empadroados no Concello de Lugo, ou que traballen ou estuden no municipio, cun coñecemento técnico mínimo.

A participación pode ser de forma individual ou como unha formación de 2 persoas como máximo.

Soamente se pode participar no certame unha vez como artistas, xa sexa de xeito individual ou como dúo.

O estilo de música é de libre elección e o contido das letras das cancións non poderá incluír ningunha expresión racista, sexista, ofensiva ou de mal gusto.

As e os menores de 18 anos precisarán permiso dos pais, nais ou titores/as.

A orde de participación determinarase ao azar e será comunicado a cada persoa participante.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo para solicitar a participación neste certame será dende a presentación das bases ata o 10 de marzo. As presentes bases serán publicadas na páxina web do Concello de Lugo para a súa difusión, así como nas redes sociais da institución e Facebook da Casa da Xuventude.

As persoas interesadas deberán realizar a inscrición, de xeito gratuíto, de xeito presencial na Casa da Xuventude, na rúa Xesús Bal e Gay.

XURADO CALIFICADOR

Estará composto por un grupo de DJ's profesionais que valorarán a actitude, técnica e selección musical.

PREMIO

Establécese unicamente un premio ao Dj gañador ou gañadora de 250 euros. No caso de que a persoa gañadora sexa menor de idade o premio será un vale por material musical valorado nos 250 euros. Ademais, actuará dentro dalgún evento organizado polo Concello de Lugo.

EQUIPO DE SON E ENSAIOS

O Concello porá a disposicións das mozas e mozos participantes dous reprodutores CDJ Pioneer-2000 Nexus e dunha mesa DJM-900 Nexus, sendo a persoa participante a que disporá da súa propia música, xa sexa en formato CD ou pen drive.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Ao presentarse a este concurso, cada persoa participante manifesta a aceptación total das bases do mesmo.

Calquera incidencia non contemplada nestas bases, que se publicarán en www.lugo.gal, será resolta pola organización.

Lugo, 3 de marzo de 2020

A Tenenta da Alcaldesa da Área
de Cohesión Social

Asdo.: Ana M^a González Abelleira

